

PRECISÁMOSTE!!!

COLABORA CON NÓS.



Exposición letras Galegas 2025.

c a n d o ?	No mes de maio. Posibles datas entre 16-25 maio.	<i>No caso de que atopemos e dispoñamos de material suficiente.</i>
O n d e ?	Nas instalacións do CEIP Plurilingüe Barrie de la Maza	<i>Estableceremos unha aula onde poder visitar a exposición garantindo o cuidado e preservar os obxectos da exposición.</i>

Dende o equipo de dinamización da lingua galega e para conmemoración das letras galegas organizáanse unha serie de actividades conducentes a mostrar a toda a comunidade educativa o valor e a importancia, tanto desta celebración, coma entender esta celebración e ás persoas que se lle dedica esta conmemoración.

COMO COLABORAR?

Neste ano, como ben sabedes, dedícaselle ás cantareiras que mantiveron vivo o galego e a literatura popular nas coplas facendo do nosa tradición folclórica unha das mais mimada e ben conservada do mundo.

En homenaxe a elas (entre elas incluídas aquelas que o mantiveron vivo na nosa comarca) queremos e facer visible o feito das foliadas, ruadas, etc. para achegarlle aos nenos e nenas este feito cultural, próximo no espazo, pero aínda afastado na experiencia debida á súa corta experiencia de vida.

Axúdademe a cantare

botádeme unha axudiña

que non me podo aghuantar

desta miña gharghantiña.

	QUE PODO APORTAR?	EXEMPLOS.
fotografías	Calquera documento gráfico que mostre como se celebraban as foliadas ou ruadas na nosa contorna.	

Instrumentos.	Calquera elemento que se empregaba para acompañar na música da ruada: Lata de carburo, de pementón, tarañolas, pandeiretas, cunchas, etc	
Indumentaria.	Elementos do vestiario que normalmente se empregaban naquel tempo. Mantóns, Mantelos, panos, zocos, etc.	
	<i>Comprometémonos a datar e rexistrar todo o material presentado garantindo a devolución do mesmo en boas condicións.</i>	<i>Estas serían soamente unha referencia indicativa para axudarlles na súa colaboración co centro dos seus fillos/as. Pero, segundo o seu criterio, poderían aportar calquera outra cousa que vostedes consideren interesante para esta exposición.</i>

Para poder organizar esta exposición, e para que todas as familias que queiran poidan axudarnos e ao mesmo tempo garantir o mellor coidado de todo o material propoñemos o seguinte:

FASES E PRAZOS

INFORMAR DE POSIBLE COLABORACIÓN.- Unicamente necesitamos que nos digan que poden aportar. Deste xeito nós imos vendo con que material contamos. **Ata a primeira semana de maio.**

PRÉSTAMO AO CENTRO DO MATERIAL PARA EXPOSICIÓN. (Informarase unha vez esté determinado con exactitude o tempo de exposición aberta ao público. **Posiblemente entre 16 ata o 25 maio**. Deste xeito estará para a celebración das Letras Galegas e o 50 aniversario do colexio.

?